

25 DE NOVEMBRO

DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

ACTIVIDADE 2 (Primeiro e segundo ciclo EP)

Obxectivo: Coñecer o dereito que teñen os nenos e nenas a non ser insultados e favorecer o recoñecemento de actitudes denigrantes normalizadas na nosa sociedade.

Metodoloxía:

1. En primeiro lugar o mestre explica as definicións de insulto e apreciación.
(*Un insulto é algo que doe ou enfada e só serve para humillar e non resolver problemas. O contrario é unha apreciación, é dicir, algo que cando te din, faite sentir ben, que vales.*)
2. Logo lee e escribe no encerado uns exemplos de adxectivos e pide, por orde, a cada neno ou nena que o clasifique como insulto ou apreciación.
A cantidade e facilidade dos adxectivos dependerá do curso no que se fai a actividade: cos máis pequenos traballaremos con un par e pediremos que aporten algún exemplo máis, cos que podan ler amosaremos a lista completa no encerado e se fai unha clasificación rápida pedindo algún exemplo máis.
Alguns exemplos : *inútil, amable, parvo, xeneroso, torpe, bondadoso,...*
3. Debater o que é un insulto e unha apreciación, retomando as definicións anteriores.
Lembrar que ninguén ten dereito a insultar, e podemos exixir que non o fagan, debendo pedir disculpas a persoa que insulta a alguén.
4. Para rematar elaborar unha lista cos insultos usados máis comúnmente na clase, para prohibirlos e exixir que se pidan disculpas cando alguén insulta. Pódese facer outra lista con as apreciacións que máis gustan na clase e colgar as dúas a vista durante un tempo.
Os máis pequenos poden facer ou colorear debuxos que representen cousas boas dos demais ou ben colorear as palabras, recortalas e pegalas na lista.

Materiais:

- Lista de adxectivos adaptados a idade dos nenos.
- Dúas cartolinas para facer as listas.
- Lápicos de cores, rotuladores, ceras.
- Tesoiras e pegamento.

Tempo: 50 min.